

VIII CONCURSO RADIOFÓNICO DE TEATRO LIDO DE AMES

Desata a Lingua!!!

2018

O *Concurso Radiofónico de Teatro Lido* pretende dinamizar dun xeito lúdico o uso oral e escrito do galego entre a mocidade amesá a través da creatividade. Intenta, ademais, fomentar o gusto polo teatro e o achegamento á radio municipal.

BASES

1. Poderá participar todo o alumnado matriculado en 1º, 2º, 3º e 4º da **ESO** dos centros de ensino do Concello de Ames. Participarase en **grupos formados por entre 2 e 4 persoas**. Todos os grupos deben ter un/unha representante (profesorado ou calquera outra persoa adulta) co fin de coordinar coa organización o desenvolvemento da actividade (datas da formación, da gravación...).
2. Os textos estarán en lingua galega. A temática será libre e valorarase que estea relacionada con algún **tema de actualidade**. O texto poderá ser de creación propia ou unha adaptación/recreación dun texto de autor/a. O tempo estimado de emisión para cada unha das pezas estará entre os **3 e os 5 minutos**.
3. A **inscrición** realizarase no centro de ensino, a través do Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega, utilizando a ficha de inscrición que se facilite. O prazo para inscribirse comeza ao día seguinte da publicación destas bases no BOP e remata o **19 de outubro de 2018**.

No momento de inscribirse, todo o alumnado participante deberá achegar cuberta e asinada polo/a representante legal (pai nai ou titor/a) a ficha de participación e a documentación requirida.

4. Todo o alumnado inscrito participará nunha **xornada de formación conxunta o día 24 de outubro no Pazo da Peregrina**, cunha duración aproximada de dúas horas. Asemade, **entre os días 5 e 8 de novembro**, o alumnado poderá perfeccionar a súa peza noutra sesión de formación nos propios centros de ensino onde se lles facilitará aos participantes claves de locución e interpretación.
5. Os grupos participantes realizarán a gravación e a montaxe das pezas **na Radio municipal de Ames, na semana do 12 de novembro**, previa cita fixada pola organización.
6. A **emisión** das pezas realizarase en Ames Radio (FM 107.2) entre **o 26 de novembro e o 3 de decembro** nas seguintes franxas horarias: das 13.30h ás 14.30h e das 19.00h ás 20.00h (de luns a venres). As pezas tamén estarán dispoñibles **permanentemente** entre esas datas na sección de AVISOS da páxina web municipal www.concellodeames.gal. A participación no concurso implica a autorización para estas emisións e a cesión a favor do Concello de Ames dos dereitos de comunicación pública, reprodución e distribución.
7. Premios:

- **Premio do público: 200 euros.** A audiencia da radio municipal escollerá entre as pezas emitidas a que obterá o premio do público. **A votación** realizarase **entre o 27 de novembro e o 4 de decembro** (incluídos) a través do correo electrónico radioteatro@concellodeames.gal ou do teléfono 981 890 452. Os/as votantes terán que identificarse e só se computará un voto por persoa.

- **Premio ao mellor guiión orixinal: 200 euros**

- **Premio á mellor interpretación: 200 euros**

O Concello de Ames designará un xurado que será o encargado de seleccionar todos os premios, agás o do público.

Os premios daranse a coñecer e entregaranse nunha gala o 21 de decembro de 2018, á que asistirá todo o alumnado participante.

PRAZOS:

Inscrición: dende o día seguinte á ata o 19 de outubro (incluído)

Xornadas de formación: 24 de outubro (conxunta), e entre o 5 e 8 de novembro (nos centros de ensino).

Gravación das pezas: semana do 12 de novembro

Emisión das pezas: do 26 de novembro ao 3 de decembro en Ames Radio (FM 107.2)

Votación da audiencia: do 27 de novembro ao 4 de decembro en (981 890 452 / radioteatro@concellodeames.gal).

Entrega de premios: 21 de decembro de 2018